



## CERTIFICACIÓN

D. Francisco Javier Novoa Juiz, secretario/a do Concello de Concello de Vimianzo, agás erro ou omisión involuntaria, **CERTIFICO** o acordo que deseguido transcribo:

### “ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vimianzo, en Sesión Extraordinaria do xoves 15 de decembro de 2022, aprobou o seguinte ACORDO:

#### 1º.- Aprobación do prezo público da pista de xeo de Nadal 2022.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 14 de decembro de 2022, que se transcribe literalmente:

#### “PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: Aprobación do prezo público da pista de xeo de Nadal 2022.

Exp.2022/D002/000008.

Visto o informe do técnico de deportes de data 13/12/2022, ao respecto da xustificación do prezo público e no que se establece o custo do servizo.

Tendo en conta a Ordenanza Reguladora do Prezo Público pola realización de actividades culturais, de lecer ou tempo libre organizadas polo concello de Vimianzo (publicada no BOP de 5 de Outubro de 2012, número 191).

Visto o informe emitido pola intervención municipal en data 14/12/2022, en sentido favorable.

Tendo en conta que o prezo público cuxa aprobación se pretende ten como finalidade a prestación dun servizo con fins de carácter social e de interese público (Art.44.2 TRLFL).

Considerando o disposto en canto á delegación de competencias nos artigos 23.2,b) da LBRL, e 53,2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e na Resolución da Alcaldía de data núm.767/2019, de data 02/07/2019, modificada por Resolucións da Alcaldía núm.978/2019 e núm.1247/2019, de datas 04/09/2019 e 08/11/2019, respectivamente, de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

Visto canto antecede, esta Alcaldía eleva á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA**:

Primeiro.- Aprobar, de acordo co informe do técnico de deportes, o seguinte prezo público, que se devengará no período comprendido entre o 16/12/2022 e o 8/01/2023:

Entrada individual: 5 euros, IVE incluído.



Bono (24 entradas): 60 euros, IVE incluído.  
Alugueiro de casco: 1 euro, IVE incluído.  
Alugueiro de apoio: 1 euro, IVE incluído.

Segundo.-Publicar este acordo no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.

Cuarto.-Dar conta deste acordo na vindeira sesión ordinaria do Pleno do Concello.

O que asino en Vimianzo,

A Alcaldesa.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

O que asino en Vimianzo  
A alcaldesa  
Mónica Rodríguez Ordóñez”

E para que conste, asino o presente certificado, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co visto e praxe da alcaldesa, en Vimianzo.

Visto e praxe  
A alcaldesa  
Mónica Rodríguez Ordóñez